

almacenado no establecemento de fabricación das conservas e, en calquera caso, con anterioridade á data prevista para o inicio da fabricación, de acordo co modelo do anexo I da orde desta consellería, do 28 de marzo de 2001.

A validez da solicitude de control e as modificacións no programa de fabricación axustaranse ao previsto nos puntos 2º e 3º do artigo 4 da dita orde.

Artigo 4º.-Solicitudes de restitución.

1. As solicitudes de restitución, debidamente asinadas, formularanse de acordo cos modelos establecidos nos anexos III (A) e III (B) da orde desta consellería, do 28 de marzo de 2001, facendo constar as cantidades de aceite utilizadas no proceso de fabricación das conservas, así como a súa orixe.

De conformidade co previsto no artigo 5.3º da dita orde, o prazo de presentación das solicitudes de restitución iniciarase o día da finalización da utilización do aceite e rematará ao cabo de seis meses desde tal día.

2. As solicitudes presentaranse nos servizos provinciais do Fogga, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 5º.-Anticipos e garantías.

Presentada a solicitude de control, o fabricante poderá solicitar o anticipo do importe da restitución, conforme se establece no artigo 8 da Orde do 28 de marzo de 2001, achegando unha garantía de acordo cos anexos V e VI da dita orde.

Artigo 6º.-Financiamento.

1. Esta convocatoria tramítase de conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, de tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001. O seu financiamento efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.60.614A.779.0, por importe de 9.990.145 euros, do orzamento de gastos do Fogga para 2005.

2. En todo caso, a concesión das restitucións condicionaranse á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os solicitantes das restitucións poderán presentar os certificados de estar ao día das súas obrigas fiscais ou ben poderán autorizar o Fogga para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, agás no caso de que o importe da axuda non exceda de 1.500 €,

suposto no que quedarán exentos de achegar os xustificantes correspondentes.

Segunda.-Todas as referencias efectuadas pola Orde do 28 de marzo de 2001 ao Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia entenderanse feitas ao Fondo Galego de Garantía Agraria, de conformidade co previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director do Fogga para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2005.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias e se convocan para o ano 2005.

O Regulamento (CE) nº 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, que establece axudas ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), foi modificado polo Regulamento (CE) nº 1783/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, reforzando a política de desenvolvemento rural a través do incremento das medidas complementarias previstas no Regulamento modificado, considerando que os agricultores mozos representan un factor clave, dando prioridade polo tanto ás axudas a esta categoría de agricultores co fin de facilitar a súa instalación e o axuste estrutural das súas explotacións.

Así mesmo, o Regulamento (CE) nº 817/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1257/1999, derroga o Regulamento (CE) nº 445/2002, da Comisión, do 26 de febreiro.

As medidas de desenvolvemento da devandita normativa comunitaria en canto á mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias están recollidas no Programa Operativo Horizontal de Mellora de Estruturas e dos Sistemas de Producción Agrarios nas Rexións de Obxectivo 1 de España, así como no Programa Operativo Integrado de Galicia, regulándose as axudas a nivel estatal mediante o Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, e a nivel autonómico pola Orde do 7 de xuño de 2002 desta consellería e as súas modificacións, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas

para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

Co fin de adaptar a normativa estatal a estas modificacións, recentemente publicouse o Real decreto 1650/2004, do 9 de xullo, que modifica o Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

De acordo coa experiencia adquirida coa aplicación destas axudas durante as convocatorias anteriores e tendo en conta as modificacións introducidas pola normativa comunitaria e estatal, é necesario modificar tamén os artigos 4º, 6º, 7º, 8º e 11º, da Orde do 7 de xuño de 2002, precisándose as condicións dos plans de mellora, as condicións dos investimentos obxecto de axuda, á contía de investimentos para as persoas xurídicas, á idade dos agricultores mozos para seren beneficiarios da axuda suplementaria e á porcentaxe dela, o carácter plurianual destas axudas e os importes das axudas para a primeira instalación de agricultores mozos, recollidos na sección segunda.

Por outra banda, tendo en conta que a dita orde cumpre os requisitos previstos, para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas e subvencións, no artigo 78.6º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, polo que, previstas na Orde do 7 de xuño de 2002 as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galicia, con vixencia indefinida, cómpre establecer a súa convocatoria para o ano 2005, mediante a presente orde que, pola súa vez, cumpre os requisitos exixidos no artigo 8.3º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Sección primeira: modificación da Orde do 7 de xuño de 2002.

Artigo 1º.-Modificación do artigo 4 da Orde do 7 de xuño de 2002.

O artigo 4º quedará redactado como segue:

Os plans de mellora das explotacións agrarias cumpriran as condicións establecidas na letra A) do anexo 2 do Real decreto 613/2001, suporan unha mellora integral e duradeira da economía da explo-

tación agraria, e deberán cumprir, ademais, as seguintes condicións:

1. Acreditar a viabilidade da explotación na situación inicial, de acordo co punto 4.A) do artigo 2º desta orde.

2. Cando o plan de melloras afecte a unha explotación gandeira:

2.A) Deberase xustificar que esta cumpre a normativa relativa a campañas oficiais de saneamento gandeiro, mediante a presentación da folla de saneamento da última campaña.

2.B) Deberá cumprir as normas mínimas en materia ambiental, hixiene e benestar dos animais, conforme se dispón no punto 4 B) do artigo 2º desta orde.

Non obstante, cando o plan de mellora inclúa investimentos destinados a cumprir as normas mínimas especificadas na letra D) do punto 1º, do artigo 5 do Real decreto 613/2001, poderase conceder, para o seu cumprimento, un prazo de ata un ano desde o momento de concesión da axuda. En todo caso, os agricultores deberán cumprir estas normas mínimas antes de que remate o período de investimentos.

Así mesmo, no caso de plans de mellora presentados por agricultores mozos dentro dos 5 anos seguintes á súa primeira instalación, poderá concedérselles un prazo de ata dous anos para o cumprimento do requisito regulado no punto 1º e) do artigo 4 do Real decreto 613/2001.

Esta circunstancia xustificarase co correspondente anexo ou memoria xustificativa do plan ou do proxecto, se é o caso.

2.C) Os plans de mellora que se vaian realizar en explotacións produtoras de leite cunha carga gandeira superior a 3 vacas de leite por hectárea de superficie forraxeira deberán incluír actuacións tendentes á súa redución.

3. Se os investimentos aos que se refire o plan de mellora se realizan en obra civil, deberase presentar o correspondente bosquejo acotado e memoria descritiva da construción, adaptándose esta á tipoloxía da zona. Esta documentación completarase cun proxecto asinado polo técnico competente, no caso de que o dito investimento sexa superior a 36.000 euros. O prazo para a presentación deste proxecto é do dous meses, contados desde a data de aprobación da axuda.

4. Así mesmo, as construcións novas deberán contar coa preceptiva licenza municipal, de acordo co establecido na normativa urbanística. Para lle dar cumprimento a este requisito incluírase, entre a documentación que se vai achegar coa solicitude de axuda ao plan de mellora, a correspondente solicitude de licenza de obras, debendo achegarse a licenza no momento da certificación.

5. Todos os proxectos e memorias achegados cos plans de mellora terán que incluír obrigatoriamente

un anexo relativo á produción e xestión dos residuos da explotación.

Artigo 2º.-Modificación do artigo 6 da Orde do 7 de xuño de 2002.

O artigo 6º quedará redactado como segue:

1. As axudas a investimentos mediante plans de mellora aplicaranse aos fins indicados no artigo 5 do Real decreto 613/2001, coas excepcións contidas no punto 2º do mesmo artigo.

2. O investimento en adquisición de maquinaria previsto no plan de mellora, incluído o tractor de ser o caso, poderá chegar ata o 35% do volume máximo de investimento establecido no primeiro parágrafo do artigo 7.1.A), segundo o tipo de peticionario e o número de UTA e/ou socios agricultores profesionais, e en todo caso, sen superar o tramo libre de investimento de que dispón cada beneficiario tendo en conta os plans de mellora que tivese solicitado nos últimos seis anos, tal como se determina no segundo parágrafo do mesmo artigo 7º 1.A).

3. No caso de investimentos en equipamentos de muidura, deberán axustarse, no relativo á instalación e funcionamento, ao establecido na norma UNE 68050/98.

4. No caso de investimentos en equipamentos de refrixeración de leite, deberán cumprir os requisitos da norma UNE-EN 13732/03.

Artigo 3º.-Modificación do artigo 7 da Orde do 7 de xuño de 2002.

O artigo 7º quedará redactado como segue:

«1. Contía dos investimentos.

1.A) O investimento poderá chegar a un máximo de 90.151 euros por UTA sen superar 180.302 por explotación cando o titular sexa unha persoa física ou unha comunidade de bens. No caso de titulares persoas xurídicas, este límite máximo por explotación poderá multiplicarse polo número de socios da entidade que acrediten, pola actividade que desenvolven nela, a súa condición de agricultores profesionais, ata un máximo de seis, sen prexuízo do límite por UTA.

O número de plans de mellora que se poderán aprobar por explotación e beneficiario, para ese volume de investimento, será como máximo de tres nos seis últimos anos, contados desde a data á que corresponda a aprobación do último plan solicitado.

1.B) Para o cálculo do investimento máximo, en función do límite máximo por UTA, consideraranse as UTA iniciais indicadas no artigo 3.1º desta orde.

Cando se trate dun plan de mellora dun agricultor mozo que se presente simultaneamente á primeira instalación, o límite máximo de investimento por UTA calcularase en función do número de UTA

correspondentes á situación posterior á realización do plan de mellora.

1.C) A determinación das axudas aos investimentos que se vaian realizar nas explotacións ás que se refire o punto 4.C do artigo 2º desta orde efectuarase de acordo coas condicións específicas que correspondan ao municipio asignado á explotación, en función da pertenza a este da fracción maioritaria dos bens, dereitos e elementos da explotación, segundo os puntos 2º e 3º do artigo 2 do Real decreto 613/2001.

2. Tipo e contía das axudas.

2.A) As axudas ao investimento poderán consistir nunha subvención de capital, nunha bonificación de xuros dun préstamo, na minoración de anualidades de amortización, en axudas para sufragar os custos dun aval, ou nunha combinación deses tipos.

2.B) A contía máxima de axuda, expresada en porcentaxe do investimento, con carácter xeral, poderá chegar ata:

2.B)1. O 50% do investimento, para bens inmoables, e o 35%, para bens mobles, nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas ás que fai referencia o punto 4º do artigo 55 do R(CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio.

2.B)2. O 40%, para bens inmoables, e o 25%, para bens mobles, nas demais zonas.

2.C) A distribución da axuda baixo as formas de subvención de capital, bonificación de xuros ou minoración de anualidades de amortización farase de acordo co disposto nos artigos 8, 9 e 10 do Real decreto 613/2001.

2.D) Se o beneficiario da axuda é un agricultor, menor de 40 anos no momento da súa primeira instalación que, simultaneamente a ela, ou nos seguintes 5 anos, presente un plan de mellora para a súa explotación, poderá obter unha axuda suplementaria do 10% do investimento, como máximo, aplicable en calquera dos tipos de axuda establecidos no punto 1º do artigo 7 do Real decreto 613/2001. Esta axuda suplementaria concederase, na súa integridade, cando o plan de mellora da explotación corresponda a un agricultor mozo instalado ou que se vai instalar na modalidade de titularidade exclusiva e, na proporción da participación do agricultor mozo no financiamento dos investimentos, nas restantes modalidades de instalación.

No caso de plans de mellora en que participe un agricultor mozo instalado nos cinco últimos anos, xa sexa baixo a modalidade de titularidade compartida ou cotitularidade, ou como socio de entidade asociativa, presentárase un documento asinado por todos os partícipes no plan de mellora no que se estableza o grao de participación do mozo nos investimentos que se van realizar».

Artigo 4º.-Modificación do artigo 8 da Orde do 7 de xuño de 2002.

O primeiro parágrafo do artigo 8º quedará redactado como segue:

«As axudas recollidas na sección primeira, segunda e terceira desta orde, terán carácter plurianual, e o prazo de execución dos investimentos incluídos nos plans de melloras da sección primeira e terceira, será como máximo de 18 meses computados a partir do día seguinte ao da data da notificación da concesión da axuda ou, se é o caso, da data de formalización do préstamo subvencionado correspondente».

Artigo 5º.-Modificación do artigo 11 da Orde do 7 de xuño de 2002.

O artigo 11º quedará redactado como segue:

«As axudas á primeira instalación de agricultores mozos, dirixidas a auxiliar gastos e investimentos derivados dela, segundo o establecido no artigo 15.2º e) do Real decreto 613/2001, modificado polo Real decreto 1650/2004, poderán consistir en:

1. Unha bonificación de xuros do préstamo, en que o importe actualizado non supere a cantidade de 20.000 euros, resultante de aplicar, durante un período máximo de quince anos, unha redución do tipo de xuro preferente das entidades de crédito, establecido, de ser o caso, nos convenios financeiros para os préstamos de primeira instalación.

2. Unha prima por explotación, nunha contía máxima de 20.000 euros, que se poderá substituír, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuros equivalente.

As contías máximas de axuda expresadas anteriormente poderanse incrementar nun 10% nos seguintes casos: a) cando se xere na explotación, polo menos, 1 UTA asalariada adicional á do mozo que se instala; b) nos supostos en que se instale unha muller; e c) cando a explotación estea situada nun concello dos cualificados de montaña de acordo co punto 4 do artigo 55 do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sen superar en calquera caso os 25.000 € para cada unha das axudas recollidas nos puntos 1 e 2.

Artigo 6º.-Modificación do artigo 16 da Orde do 7 de xuño de 2002.

O artigo 16º quedará redactado como segue:

«1. Para as axudas recollidas no punto 2.a) do artigo 14º a contía máxima do investimento será a prevista no artigo 7º.1.A) desta orde.

2. Nos supostos das axudas previstas no punto 2.c) do artigo 14º, o investimento poderá chegar ata un máximo de 90.151 euros por UTA, ata un máximo de 8 UTA.

Para as axudas previstas nos puntos 2.b) e 2.d) do mesmo artigo 14º, o investimento poderá chegar a un máximo de 90.151 euros por UTA sen superar 180.302 euros por explotación.

3. O número de plans de mellora que se poderán aprobar por explotación e beneficiario, en calquera das axudas recollidas nesta sección, para ese volume de investimento, será como máximo de tres nos seis últimos anos, contados desde a data á que corresponda a aprobación do último plan solicitado».

Artigo 7º.-Derrogación do artigo 23 da Orde do 7 de xuño de 2002.

Queda derrogado o artigo 23º da Orde do 7 de xuño de 2002.

Sección segunda: convocatoria das axudas para o 2005.

Artigo 8º.-Obxecto.

A presente sección ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2005, das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galicia, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 7 de xuño de 2002, (*Diario Oficial de Galicia* nº 113, do 13 de xuño), na sección primeira da Orde do 19 de decembro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 250, do 27 de decembro) e na sección primeira da Orde do 23 de decembro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 253, do 31 de decembro) e as modificacións introducidas pola presente orde.

Artigo 9º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder ás distintas liñas de axuda (B, A, P e R) previstas no artigo 1º da Orde do 7 de xuño de 2002, os beneficiarios deberán cumprir os requisitos establecidos respectivamente no artigo 2º da dita orde, para plans de mellora previstos no Real decreto 613/2001; no artigo 9º, para as axudas á primeira instalación de agricultores mozos previstas no dito real decreto; e no artigo 14º para outros plans de mellora; así como as modificacións recollidas no Real decreto 1650/2004, nas ordes do 19 de decembro de 2002, do 23 de decembro de 2003 e na presente orde, en cada caso.

2. As ditas axudas teñen por finalidade a mellora e modernización das explotacións agrarias galegas, no marco do obxectivo establecido nos capítulos I e II do título II do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio.

Artigo 10º.-Prazo e presentación das solicitudes de axuda.

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde no DOG e rematará o 5 de marzo de 2005, ambos os dous inclusive, en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Non obstante o anterior, para os casos de primeiras instalacións de mozos motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria acollidos ás axudas do

Real decreto 5/2001, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

2. Os interesados presentarán a solicitude de axuda axustada ao correspondente modelo e con toda a documentación establecida en cada caso, conforme se establece na Orde do 7 de xuño de 2002.

Artigo 11º.-Xustificación.

A certificación dos investimentos e gastos farase de conformidade co previsto no artigo 22 da Orde do 7 de xuño de 2002.

Artigo 12º.-Financiamento.

1. A participación da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural nas axudas recollidas no artigo 1º.1 da Orde do 7 de xuño de 2002 axustarase ao disposto no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, modificado polo Real decreto 1650/2004, do 9 de xullo, sobre mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, no relativo ao financiamento de actuacións.

2. O financiamento das axudas recollidas na Orde do 7 de xuño de 2002 e da presente orde efectuarase, para o ano 2005, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005:

a) 09.03.614-A 774.0, para as axudas previstas no artigo 1º.1.1 da devandita orde, na que existe crédito adecuado para o ano 2005, de oito millóns de euros (8.000.000 €) e para o ano 2006, de oito millóns de euros (8.000.000 €). A dita aplicación orzamentaria poderá incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da Comunidade Autónoma.

b) 09.03.614-A 777.3 para as axudas previstas no artigo 1º.1.2 na que existe crédito adecuado para o ano 2005, de cinco millóns de euros (5.000.000 €) e para o ano 2006 de cinco millóns de euros (5.000.000 €). A dita aplicación poderase incrementar con fondos adicionais comunitarios e da Comunidade Autónoma.

3. De conformidade co establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilitase a tramitación anticipada de expedientes de gasto, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos do exercicio do ano 2005 aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, neste momento en trámite parlamentario, quedando sometida a concesión das axudas á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa resolución.

Disposición adicional

Única.-Os expedientes de axuda presentados ao abeiro da convocatoria de 2004 respecto dos que non recaeu resolución expresa de concesión da axu-

da, poderanse ter en conta na convocatoria de 2005, sempre que o interesado así o solicite expresamente, e cumpra o disposto nesta convocatoria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se establecen as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

O Decreto 332/1995, do 27 de decembro, establece para a Comunidade Autónoma de Galicia as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que un maior número de agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento que lles permite facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos, como a climatoloxía, enfermidades, etc.

Tendo en conta a evolución da contratación de seguros agrarios nas últimas campañas, as recomendacións da Comisión Europea en canto a contías máximas de subvención por tipos de seguros e coberturas e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario regular mediante esta orde determinados aspectos das axudas para fomentar a contratación de seguros durante o ano 2005.

Conforme o previsto no artigo quinto do título II da Lei 87/1978, do 28 de decembro, e o regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, a Entidade Estatal de Seguros Agrarios ten previsto elaborar o plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2005, o contido do cal se axusta ao acordo de bases para a elaboración dos plans de seguros agrarios combinados, para o trienio 2004-2006, aprobado pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, en reunión do 31 de xullo de 2003.

No plan determinaranse as distintas porcentaxes de subvención que lle corresponden á Administración do Estado, que serán achegadas por Enesa, nos diferentes grupos de liñas de seguro e os criterios para súa asignación; os estudos de viabilidade e condicións de cobertura ás novas liñas de seguro